

NOVELA GRÁFICA / UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA

A longa noite do coronavirus...

LEMBRANZAS DA CORENTENA
UNHA CRÓNICA DO CONFINAMENTO

POR E.V.PITA (2020)



POR E.V.PITA (2020)

LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / UNHA PELÍCULA DE MEDO

ABOFÉ, EU NON ESTOU AFEITO A ESTAS COUSAS. FUNDÍN A PAGA EN TRES NOITES DE ESMORGA...



...E ACABEI MALLADO; CANDO ME ERGUÍN NON ESCOITEI NIN PAXAROS OU COCHES, NADIÑA



TIÑA UNHA CHEA DE CHAMADAS PERDIDAS NO MANCONTO E, INDA POR RIBA, FOISE A BATERÍA.



DENDE A FIESTRA XA VIN QUE AS COUSAS NON ANDABAN BEN



MI MADRIÑA! VIN A PONTE DA AP-9 SEN COCHES, NINGÚN



CAMIÑEI SÓ POLO MEDIO DA PONTE COMO NAS PELIS DE MEDO



¿ÓNDE VAN TODOS? TIVEN MOI MAL PRESENTIMENTO



O MUNDO QUE EU COÑECÍA XA NON ESTABA, SENTEI A CHORAR.



NUN CONTROL PARARONME UNS DA BRIGADA DE DESINFECCIÓN.



"VOLTA PRA CASA, PASPÁN"



PERO ELES XA VIÑAN POR MÍN.



E ABOFÉ, CREÁNME, ESQUECÍN QUE ESTAMOS NISTO DA CORENTENA POLO CORONAVIRUS



E.V.PITA'20


LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / WUHAN, AQUÍ EMPEZOU TODO

DECEMBRO DO 2019. WUHAN, EN HUBEI (CHINA), TEN 10 MILLÓNS DE HABITANTES. E MORCEGOS...



SARS. O CORONAVIRUS PASA DE ANIMAIS A HUMÁNS. NO 2002, HOUBO 800 MORTOS POLO SARS.



SARS COV-2. E SEICA O PANGOLÍN QUE SE VENDE NA FEIRA DE WUHAN PODE TRANSMITIR OUTRA VERSIÓN



CONTAXIO. O CÓVID-19 VAI COMA O LUME: O PORTADOR PASA 15 DÍAS SEN NOTAR SÍNTOMA NINGÚN,



SÍNTOMAS. O INFECTADO DE COVID-19 TEN TOSE, FEBRE E RESPIRA MAL. É MOITO MÁIS LETAL QUE UNHA GRIPE.



CURVA EXPONENCIAL. CADA TRES DÍAS DÚPLICANSE OS CONTAXIADOS, SERÍA IMPARABLE DE VIAXAREN NO ANINOVO



ATAQUE. O CORONAVIRUS É LISTO COMA O ALLO: CUNHA CHAVE METE O SEU "ARN" NA CÉLULA A COPIALO.



NO PULMÓN. MILLÓNS DE COPIAS INVADEN OS ALVEOLOS DOS PULMÓN E AFOGAN AO DOENTE.



RESPIRADORES. COMPRE BAIXAR A CURVA PARA NON COLAPSAR AS UCIS



26 DE XANEIRO. WUHAN MONTA UN NOVO HOSPITAL EN DEZ DÍAS.



CONTROIS. HAI DETECTORES DE FEBRE E SEGUEMENTO DOS CIDADÁNS POLO GPS DO MÓBIL.



CUARENTENA. CHINA PECHA A CIDADE DE WUHAN ATA ABRIL.



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / UNHA PANDEMIA GLOBAL

31 DE XANEIRO. A ORGANIZACIÓN MUNDIAL DA SAÚDE (OMS) DECLARA A EMERXENCIA SANITARIA ANTE A EXPANSIÓN DO VIRUS.



1 DE FEBREIRO. UN EMPRESARIO QUE VOLTA A ITALIA DENDE CHINA CENA NA LOMBARDÍA CUN AMIGO, DO QUE SE PENSA, POR UN ERRO, QUE É O DOENTE "UN".



4 DE FEBREIRO. O CRUCEIRO "DIAMOND PRINCESS" QUEDA BLOQUEADO EN IOKOHAMA, EN XAPÓN, CON 3.700 PASAXEIROS AO SALTAR UN POSITIVO EN COVID-19.



7 DE FEBREIRO. MORRE LI WEHLING O OFTAMÓLOGO DE WUHAN DE 33 ANOS QUE ALERTOU DO VIRUS.



9 DE FEBREIRO. TRUMP COMPARA O COVID-19 CUNHA GRIPE FORTE E PENSA QUE, SE CADRA, O VIRUS VAI MARCHAR EN ABRIL COA CALOR



13 DE FEBREIRO. CANCELACIÓN DO FORO MUNDIAL MOBILE MWC 20 EN BARCELONA POR MEDO AO VIRUS.



23 DE FEBREIRO. ITALIA SUSPENDE O CARNAVAL DE VENEZIA AO HABER 89 CASOS DE COVID-19 NA LOMBARDÍA.



23 DE FEBREIRO. CHEGA DE NEPAL A VALENCIA O PRIMEIRO CONTAXIADO SE CADRA, XA HABÍA 15 MÁIS.




24 DE FEBREIRO. ITALIA QUERE ATOPAR AO SEU DOENTE CERO. O ÚNICO SOSPEITOSO DA NEGATIVO.



25 DE FEBREIRO. CONFINADOS 700 CLIENTES DUN HOTEL TINTERFEÑO PORQUE UN MÉDICO ITALIANO E A SÚA MULLER DERON POSITIVO.



7 DE MARZO. TRAS 233 MORTOS, ITALIA CONFINA A 16 MILLÓNS DE PERSOAS EN LOMBARDÍA E VÉNETO.



8 DE MARZO. CELÉBRASE UNHA MANIFESTACIÓN DA MULLER NO 8-M EN MADRID E VARIOS MITÍNS.



A LONGA NOITE DO CORONAVIRUS... LEMBRANZAS DA CORENTENA

Por E.V.Pita
2020

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / EN ESTADO DE ALARMA

CHINA. O CORONAVIRUS SARS-COV-2 CAUSA 80.000 CONTAXIOS Y 3.000 MORTOS EN WUHAN




PANDEMIA. O CORONAVIRUS CHEGA A SURCOREA, Ó NORTE DE ITALIA E IRÁN. HAI MEDO A UNHA PANDEMIA GLOBAL.



ESPAÑA. O COVID-19 EXPÁNDESE POR MADRID, HAI POCOS INFECTADOS E A VIDA SEGUE, CON MOITO OLLO.



ALARMA GLOBAL. O VIRUS É TAN RABUDO QUE HAI CONTAXIADOS ASINTOMÁTICOS QUE INFECTAN POR AHÍ SEN SABELO.



10 DE MARZO. SUSPÉNDESE AS CLASES EN MADRID, VITORIA E O NORTE DE PORTUGAL. ITALIA PECHA.



11 DE MARZO. ESPAÑA PROTÉXESE COAS PRIMEIRAS RESTRICCIÓNES. **12 DE MARZO.** O VIRUS VAI DURAR DE 2 A 4 MESES



OS CIUDADÁNS ACUDEN A ABASTECERSE AOS SUPERMERCADOS POLO MEDO A QUE PECHEN O PAÍS COMO CHINA E ITALIA.



PRIMEIRAS ESTANTERÍAS VALEIRAS



ESGOTADOS OS XELES DESINFECTANTES DE HIDROALCOHOL E MÁSCARAS.



13 DE MARZO. EMERXENCIA, REQUÍRESE O CUMPRIMENTO DE MÁIS RESTRICCIÓNES.



14 DE MARZO. EMERXENCIA SANITARIA PARA EVITALO COLAPSO DAS UCIS



14 DE MARZO. O REAL DECRETO DE ESTADO DE ALARMA ORDENA UN CONFINAMENTO DE 15 DÍAS NA CASA



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / O CONFINAMENTO


15 DE MARZO. SÓ DEIXAN SAÍR Á RÚA PARA TRABALLAR OU MERCAR



16 DE MARZO. A XORNADA DE CONFINAMENTO É CUMPRIDA.



17 DE MARZO. O PECHÉ DOS BARES E TENDAS PON EN RISCO A ECONOMÍA. PÍDENSE MEDIDAS PARA ARRANXALO.



18 DE MARZO. O GOBERNO PROMETE UN PLAN DE CHOQUE



19 DE MARZO. SUBE O CONTAXIO DE XEITO EXPONENCIAL. ESTASE A DOBRAR EN DOUS OU TRES DÍAS.



20 DE MARZO. QUEREN RECLUTAR A 50.000 SANITARIOS ENTRE ALUMNOS DE MEDICINA E MÉDICOS XUBILADOS JUBILADOS



21 DE MARZO. OS HOSPITAIS POÑEN MÁIS CAMAS NAS UCIS



22 DE MARZO. O GOBERNO PREVÉ UN CONFINAMENTO BEN LONGO.



23 DE MARZO. A CORENTENA SERÁ ALÉN DA SEMANA SANTA, CANCELADA



24 DE MARZO. A AMEAZA DOS ERTE RONDA NAS FÁBRICAS



25 DE MARZO. PREPARAN O IFEVI DE MADRID CON MILLEIROS DE CAMAS PARA ATURAR O "PICO"



26 DE MARZO. MILLEIROS DE EMPREGADOS, A CASA POLOS ERTE



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / PREPARADOS PARA O "PICO"

SOLIDARIDADE. APLAUSOS AOS SANITARIOS ÁS 20.00 HORAS



CLASES ON LINE. A ENSINANZA SEGUE GRAZAS A INTERNET. OS MESTRES POÑEN MOITOS DEBERES.



TELETRABALLO. AS REUNIÓN DA OFICINA SON POR VIDEOCONFERENCIA



REPARTO A DOMICILIO. AS PLATAFORMAS LEVAN O XANTAR.



DESINFECCIÓN. UN OBXECTIVO SON AS RESIDENCIAS DE ANCIÁNS



ESPERANZA. 27 DE MARZO. MEDRA O NÚMERO DE DOENTES CURADOS



28 DE MARZO. O GOBERNO ESTUDA PRORROGAR O PECHÉ.




29 DE MARZO. UN MUNDO EN CORENTENA CON 25.000 MORTOS



30 DE MARZO. PARÓN DAS OBRAS E INDUSTRIAS NON ESENCIAIS



31 DE MARZO. PREOCUPACIÓN POLAS PERDAS ECONÓMICAS



1 DE ABRIL. MONTAN HOSPITAIS DE CAMPAÑA ANTE UN MES PEOR




2 DE ABRIL. PREPARADOS PARA O "PICO" MÁIS ALTO DA ENFERMIDADE



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / SEMANA SANTA PARADA

SERIES E PELÍCULAS. O MÓBIL E AS REDES ALEGAN A CORENTENA



"POLICÍA" DE BALCÓN. VECIÑOS QUE DELATAN AOS INFRACTORES



O MELLOR AMIGO. PASEAR AO CAN VALE UNHA "FORTUNA".



RESIDENCIAS. O VIRUS CEBASE COS MÁIS VULNERABLES.



3 DE ABRIL. ESPAÑA SUPERA AS 10.000 MORTES (20 % MUNDIAL)



4 DE ABRIL. ESTUDAN PRORROGAR O CONFINAMENTO ATA O 26 DE ABRIL



5 DE ABRIL. OUTROS 15 DÍAS DE ESTADO DE ALARMA; AS FIRMAS NON ESENCIAIS REABRIRÁN O 13



6 DE ABRIL. BAIXA O CONTAXIO E CHEGAN OS TEST RÁPIDOS




7 DE ABRIL. SAEN RECUPERADOS DAS UCIS, HAI ESPERANZAS



8 DE ABRIL. ESPAÑA E ITALIA DESAFÍAN Á UE, QUE REGATEA OS CARTOS E NON BOTA UNHA MAN.



9 DE ABRIL. AS MORTES NON PARAN, XA VAN 15.000 FALECIDOS,



10 DE ABRIL. RÚAS VALEIRAS O VENRES SANTO. A CORENTENA PODERÍA SEGUER EN MAIO.



A LONGA NOITE DO CORONAVIRUS... LEMBRANZAS DA CORENTENA

Por E.V.PITA
(2020)

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / APROBADO XERAL

CENSURA DE "FAKE NEWS". OS BULOS VIRAIS LEVAN 2 FRECHAS



PACTOS DE ESTADO. MONCLOA NEGOCIA UN ACORDO POLÍTICO.



VIRUS EN EE.UU. DONALD TRUMP ORDEA FABRICAR RESPIRADORES



AMEAZAS A SANITARIOS. ALGÚNS VECIÑOS NON QUEREN CONTAXIOS



11 DE ABRIL. ARRUINADO O TURISMO DE SEMANA SANTA



12 DE ABRIL. NOVA IORQUE ABRE UNHA FOSA COMÚN POLO COVID-19



13 DE ABRIL. ITALIA, BÉLXICA E REINO UNIDO CON ALTAS TASAS DE MORTANDADE POLO CORONAVIRUS




14 DE ABRIL. VOLVEN A ARRANCAR A INDUSTRIA E A CONSTRUCCIÓN. A POLICÍA REPARTE MÁSCARAS.



15 DE ABRIL. PREVEN UN DESPLOME DO 8 % DO PIB E DUN 20 % DE PARO. REABRE A OBRA PÚBLICA.



16 DE ABRIL. CASE TODOLOS ALUMNOS PASARÁN O CURSO.



17 DE ABRIL. MEDRA A CONFUSIÓN POLA CIFRA REAL DE FALECIDOS. HAI MILLEIROS EN RESIDENCIAS.



"DESESCALADA". O GOBERNO ESTUDA DEIXAR SAÍR Á RÚA.



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / DEIXAN SAÍR AOS CATIVOS


"PRECIARIOS". COIDADORES NOS ASILOS, CAIXEIRAS, RECOLLEDORES DO CAMPO E TELEOPERADORAS SON CLAVES PARA QUE TODO FUNCIONE.



ESCAPADAS. CONTROL DE SAÍDAS DA CIDADE ÁS SEGUNDAS RESIDENCIAS NO FIN DE SEMANA.



Á PROCURA DA VACINA. CARREIRA MUNDIAL POR ATOPAR A VACINA DO COVID-19 ANTES DUN ANO.



18 DE ABRIL. EMPEZAN A FACER TEST MASIVOS DO CORONAVIRUS, INCLUSO NOS CENTROS DE SAÚDE.



19 DE ABRIL. DEVOLVEN TEST E MÁSCARAS POR SER TRAPALLADAS



20 DE ABRIL. O PACTO POLA RECONSTRUCCIÓN HASE FALAR NUNHA COMISIÓN PARLAMENTARIA



21 DE ABRIL. OL PETROLE CAE A PREZOS NEGATIVOS (PÁGANLLE AO TIPO QUE GARDE OS BARRÍS)



22 DE ABRIL. RECTIFICACIÓN DO GOBERNO: OS NENOS PODERÁN PASEAR E NON SÓ IR ÁS TENDAS.



23 DE ABRIL. HAI UN EXCESO DE 8.000 DEFUNCIÓNS EN ABRIL (SEN CONTAR AS 22.000 DO COVID-19)



24 DE ABRIL. PREOCUPACIÓN POLO COLAPSO ECONÓMICO. PRIMEIROS PAGOS DE ACHEGAS A AUTÓNOMOS.



25 DE ABRIL. MOITOS PAÍSES EUROPEOS XA TEÑEN UN PLAN PARA INICIAR A "NOVA NORMALIDADE"



26 DE ABRIL. OS CATIVOS PODEN SAÍR UNHA HORA. O 2 DE MAIO HASE PODER PASEAR E FACER DEPORTE.



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / DESESCALADA EN TRES FASES

27 DE ABRIL. ITALIA INICIA A SÚA DESESCALADA E PREVÉ ABRIR AS TENDAS. EN ESPAÑA, O COMERCIO QUERE ABRIR OU ISTO É A RUINA.



28 DE ABRIL. O PRESIDENTE PEDRO SÁNCHEZ ANUNCIA O SEU PLAN PARA DESCONFINAR POR FASES DE 15 DÍAS CADA UNHA.



FASE 0. APERTURA DE LOCAIS CON CITA PREVIA. PODERASE FACER DEPORTE E PASEAR UNHA HORA. A REGRA DO 1-1-1 (UNHA PERSOA, UN KILÓMETRO, UNHA HORA)



FASE 1. ABRIRÍA O PEQUENO COMERCIO E AS TERRAZAS DOS BARES. SÓ UN TERZO DO AFORO.



FASE 2. APERTURA DE BARES, CINES, CENTROS COMERCIAIS, PARTIDOS DE FÚTBOL E VIAXES AOS POBOS.



FASE 3. AFOROS DO 50 %, ABREN DISCOTECAS, PUBES E PRAIAS (CON CUADRÍCULAS PARA DISTANCIAR)




29 DE ABRIL. REXEITAMENTOS E DÚBIDAS. NOS CONCELLOS DE 5.000 HABITANTES PODEN SAÍR TODOS A RÚA



30 DE ABRIL. ZONAS SEN APENAS CONTAXIO QUEREN DESCONFINAR. PROHÍBESE IR EN COCHE A PASEAR



30 DE ABRIL. HABERÁ DIFERENTES HORARIOS DE SAÍDA PARA OS DEPORTISTAS, MAIORES E NENOS.



1 DE MAIO. PECHA O HOSPITAL DE CAMPAÑA DO IFEMA DE MADRID. XA VAN MAIS DE 25.000 FALECIDOS.



2 DE MAIO. A DESESCALADA XA É REALIDADE. OS VELLOS SAEN DA CASA TRAS 48 DÍAS CONFINADOS.



3 DE MAIO. MOITO BARULLO NAS RÚAS PARA PASEAR OU FACER DEPORTE NO FIN DE SEMANA.



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / A FASE CERO: ABREN AS TENDAS

4 DE MAIO. ARRANCA A FASE 0. REABREN AS PERRUQUERÍAS CON CITA PREVIA. HAI COLA PARA TEÑIR.



TENDAS. REABREN CON CITA PREVIA AS QUE TEÑEN MENOS DE 400 METROS CADRADOS.



CAFÉ "TAKE AWAY". OS BARES E RESTAURANTES XA PODEN SERVIR PARA A RECOLLIDA NA PORTA.



5 DE MAIO. LIORTA POLÍTICA PORQUE ALGÚNS CUESTIONAN A PRÓRROGA DO ESTADO DE ALARMA.



6 DE MAIO. O CONGRESO PRORROGA "IN EXTREMIS" O CONFINAMENTO ATA O 24 DE MAIO COS VOTOS DE CIDADÁNS E O PNV,



7 DE MAIO. OS FUTBOLISTAS PASAN OS TEST DO COVID-19 E SE DAN NEGATIVO, XA ENTRENAN.



8 DE MAIO. TRAS DIMITIR A XEFA DE SAÚDE DA COMUNIDADE, MADRID QUEDA NA FASE 0, SEN DESESCALADA.




BARCELONA, MÁLAGA E VALENCIA SEGUIRÁN TAMÉN NA FASE 0

9 DE MAIO. EN MICHIGAN, XENTE ARMADA PIDE SAÍR DA CORENTENA, EN LOMBARDÍA, OS CIDADÁNS VAN DE BARES E NAS RÚAS DE MUNICH, 3.000 MANIFESTANTES PROTESTAN.



SEGUNDAS RESIDENCIAS. METADE DE ESPAÑA PASA Á FASE I PERO SEN PODER SAÍR DA PROVINCIA.



NA ESPAÑA VALEIRA. NÚCLEOS PEQUENOS, SEN FRANXA HORARIA



10 DE MAIO. HAI ESPERANZAS DE SUPERAR A PANDEMIA CON BAIXOS CONTAXIOS TRAS 26.478 MORTOS.



11 DE MAIO. XA SE PODE TOMAR UN BÓ CAFÉ NUNHA TERRAZA NAS COMUNIDADES NA FASE I.



LEMBRANZAS DA CORENTENA

UNHA REPORTAXE EN BANDA DESEÑADA / FASE I: DE TERRACEO

TERRAZAS ABARROTE. OS AMIGOS REECONTRANSE NAS TERRAZAS. MOITOS, SEN EMPREGAR MÁSCARA.



DESCONTOS. AS TENDAS DAN O "WELCOME BACK" (ACOLLIDA) CON DESCONTOS E OFERTAS



MISAS. OS DEVOTOS VOLVEN ÁS IGREXAS GARDANDO A DISTANCIA DE SEGURIDADE NOS BANCOS.



CACEROLADAS. EN MADRID, O BARRIO FINO DE SALAMANCA PROTESTA POR ESTAR NA FASE 0.



AVIÓNOS ABARROTADOS. POLÉMICA POR UN VÓ CHEO DE PASAXEIROS DESDE AS PALMAS A MADRID.



12 DE MAIO. ESPAÑA IMPÓN UNHA CORENTENA DE 14 DÍAS NO HOTEL A FORASTEIROS QUE CHEGUENAO PAÍS.



13 DE MAIO. XULLO É O MELLOR MES PARA CELEBRAR AS ELECCIÓNS GALEGAS* POR MEDO A QUE LOGO, NO OUTONO, VEÑA O REBROTE.




*O VOTO APRAZOUSE EN ABRIL POLO COVID-19

14 DE MAIO. O CONFINAMENTO LIBROU Á POBOACIÓN PERO AGORA SÓ É INMUNE ENTRE O 2 E O 15% ANTES DE QUE FAGAN A VACINA.



15 DE MAIO. MADRID E BARCELONA SEGUEN EN FASE 0 PERO MÁIS LIXEIRA.



16 DE MAIO. HAI BOLSAS DE POBREZA. O GOBERNO VAI DAR UNHA RENTA MÍNIMA DE 462 A MIL EUROS.



17 DE MAIO. O SOLEADO FIN DE SEMANA ANIMA A IR Á PRAIA E A NAVEGAR EN LANCHA POLA RÍA.



18 DE MAIO. 32 MILLÓNS DE CIDADÁNS ENTRAN NA FASE I (AGÁS O CENTRO E BARCELONA).



Longa noite de coronavirus

LEMBRANZAS DA CORENTENA CRÓNICA DO CONFINAMENTO

E.V.PITA (2020)

Seica no Fin de Ano do 2019, houbo moita alarma en China pola aparición dunha misteriosa enfermidade, que logo souperon que era o covid-19. Estaba causada por unha nova versión, mala coma o demo, de coronavirus, o SARS-CoV-2, que se expandía sin dicir ni mú e corría como o lume, dobrándose os contaxios e mortos cada tres días. O 21 de xaneiro do 2020, China pechou a cidade de Wuhan en corentena ata abril. Un mes despóis, estaban contaxiadas 81.000 persoas e se contabilizaron 3.000 falecidos (logo, resulta que eran 4.630).

A finais de febreiro, o foco mundial do contaxio marchou para o norte de Italia, que pechou escolas, museus, tendas e suspendeu as viaxes en avión e confinou a 16 millón de habitantes en Lombardía e o Véneto.



En marzo, o virus xa andaba por Madrid, e o día 14, o Goberno decretou aillamiento nas súas casas de 47 millóns de habitantes. Pasaron 48 días para que pudiesen saír á rúa os nenos e nenas, os maiores e os deportistas, en distintos horarios para iniciar a "desescalada" por fases cara a unha "nova normalidade". Volve tomar un café na terraza dun bar só foi posible dous meses despóis, o 11 de maio nalgunhas cidades. En Madrid e Barcelona, na fase 0, non foi posible. Dende o Nadal ata o 17 de maio, o virus contaxiou a 4,7 millóns de persoas en todo o mundo, das que 311.000 morreron. En España había o 17 de maio 277.000 contaxiados e 27.600 falecidos (e outros 6.000 sen contabilizar ben). Polo de agora, o Gran Confinamento xa é unha crise peor que a Gran Depresión do 1929.